

Carta pola Innovación, a Creatividade e o acceso ó Coñecemento

Dereitos dos /as cidadans/ás e artistas na era dixital

Inclúe solucións legais, inmediatas e urxentes

Nós, unha coalición inclusiva provinte de máis de 20 países de centos de miles de cidadans/ás, usuarios/ as, consumidores/ as, organizacións, artistas, hackers, membros do movemento de Cultura Ceibe, economistas, avogados/as, mestres /as, estudantes, investigadores/as, científicos/as, activistas, traballadores/as, desempregados/ as, emprendedores/ as, creadores/ as...

Invitamos a tódala cidadanía a facer súa esta Carta, difundila e poñela en práctica.

Invitamos a tódolos gobernos, multinacionais e institucións a escoitala urxentemente, entendela e aplicala.

Contido

1. Introducción
2. Demandas legais
3. Directrices para a educación e o acceso ó coñecemento
4. Necesidades estruturais para unha sociedade do coñecemento de todos/ as e para todos/ as
5. Membros do FCForum
6. Adhesións
7. Versión completa
8. Licencia dual

1. Introducción

A Sociedade da Información e o novo contexto dixital supoñen unha revolución na forma de crear coñecemento e cultura, e sobre todo, na forma de acceder a eles. Cidadáns/ ás, artistas e consumidores deixaron de seren suxeitos pasivos e aisolados/ as fronte a industria de distribución de contidos. Agora cada persoa colabora, participa e decide.

A Tecnoloxía, coma ponte, permite que as ideas e o coñecemento flúan; rematando así con moitas das barreiras xeográficas e tecnolóxicas que impedían compartir; proporcionando ademais novas ferramentas educativas e propiciando a aparición de novas fórmulas de organización sociais, económicas e políticas. Esta revolución é comparable coa que provocou a imprenta.

A pesar disto, a industria do entretemento, a maioría dos provedores de servizos de comunicacións e os centros de poder seguen a tirar proveito, baseando as súas actividades principalmente no control e na escasez. E todo isto violando os dereitos dos cidadáns/ ás á educación, ó acceso á información, á cultura, á ciencia e a tecnoloxía, á liberdade de expresión, á inviolabilidade das comunicacións e á privacidade. Protexen intereses privados fronte o interese público da sociedade en xeral, tal e como actuou a Inquisición tra-la aparición da imprenta.

Non tóda-las institucións, estruturas e convencións do sistema actual sobrevivirán se non son quen de adaptarse ós novos tempos. As que sobrevivan veranse alteradas e redefinidas pola nova realidade, e é posible que para elo precisen de esquemas de funcionamento totalmente distintos.

Implicacións políticas e económicas da Cultura Ceibe

A Cultura Ceibe amplía os espazos para a implicación cidadá, permitindo que un amplo abano de persoas e grupos participen e se impliquen en debates públicos, reforzando a democracia en tempos de crise. A Cultura Ceibe é unha condición previa para facer real a liberdade de expresión, axudando a reduci-la fenda dixital, liberando o poder democrático das novas tecnoloxías.

A Cultura Ceibe potencia novos modelos de implicación cidadá na provisión de bens públicos e de servizos baseados no procomún. E elo alónxaa da forma convencional de actuar das institucións tradicionais, demostrando a forza actual da sociedade civil. Recoñecemos-lo procomún como unha forma distinta e desexable de goberno. “O goberno do procomún” fai referencia ás regras e os límites necesarios e acordados para xestioná-la produción colectiva e o acceso a recursos compartidos. O goberno do procomún recoñece e incorpora a participación a inclusión, a transparencia, o acceso equitativo, e a sustentabilidade como obxectivos a conseguir a longo prazo.

Entendemos que a economía social, xunto có mercado, constitúen unha importante fonte de valor. A incorporación dunha nova e revitalizada idea do procomún amplía o que entendemos por “economía” e insta ós gobernos a respaldar o procomún do mesmo xeito que respalda a economía de mercado.

A actual crise económica mostrou os límites do fundamentalismo asociado ó mercado, e ten mostrado que os mercados sen control, baseados unicamente en instrumentos como a competición e o interese propio, supoñen un risco xeral para a nosa civilización. A filosofía da Cultura Ceibe, herdada do software ceibe, é a maior demostración empírica de que unha nova ética e unha nova empresa son posibles. Ten demostrado que existe unha nova forma de produción que funciona,

baseada en habilidades e intercambios, onde o/ a autor/ a/productor/a no perde o control da produción e non precisa da mediación de grandes monopolios. E fíxoo baseándose na iniciativa individual, na solidariedade con outros, con mecanismos de intercambio de acordo ás posibilidades e habilidades de cada persoa, democratizando o coñecemento, na educación, por medio dunha produción e unha distribución xusta dos beneficios de acordo ó traballo realizado.

Expresamos a núa preocupación polo benestar dos/ as artistas, investigadores/ as, autores/ as e outros produtores/ as creativos/ as. Nesta Carta propoñemos varias fórmulas para recompensar colectivamente a creación e a innovación. O software ceibe, Wikipedia e outros moitos exemplos mostran que o modelo da Cultura Ceibe pode preservar a innovación e que non son necesarios monopolios do coñecemento para producir coñecemento.

A sostibilidade da produción de coñecemento e cultura depende do tipo de “produto” (Por exemplo os custos dunha película son moi diferentes ós dunha enciclopedia online). Entre as iniciativas de Cultura Ceibe pódense identificar varias formas e vías de sostibilidade da produción. Algunhas destas vías están mais consolidadas que outras, asímesmo hai varias liñas de experimentación. Un principio xeral presente é a combinación de varias vías de financiación. Deste xeito garántese unha maior independencia dos proxectos. Modelos inspirados na economía social cunha orientación comunitaria multiplícanse e presentan vías sostibles para os proxectos e o traballo. Algunhas das vías de financiación dos proxectos colaborativos entre iguais xa postas en práctica son: Doazóns e trocos non monetarios (Ex. Agasallos, bancos de tempo); Financiación directa (Ex. Subscripcións e doazóns); Capital compartido (Ex. “Matching Funds”, cooperativas comunitarias ou de consumidores); Delega en fundacións ou entidades legais que garantan a infraestrutura ós proxectos; Financiación pública (Ex. Renta básica, becas, premios, subsidios, contratos públicos e comisións); actividades comerciais (incluíndo tanto bens como servizos) e combinación de distribución P2P e streaming a baixo custo. A combinación destas diversas opcións conforman vías de viabilidade tanto para creadores independentes como para a industria.

Non apoiamos o traballo voluntario individual como estratexia das empresas comerciais para apropiarse do beneficio xerado colectivamente. Non cremos que sexa socialmente desexable permitir que certas empresas e alianzas comerciais domiñen un segmento substancial do mercado.

A era dixital pode conducirnos cara un mundo máis xusto e beneficioso para todo o mundo.

Por todo o anterior, Nós propoñemos:

En primeiro lugar, transparencia: Precísase transparencia nos procesos de regulación e nas actividades de lobby, incluíndo información sobre quén son as autoridades responsables da aplicación da lei, os procedementos obrigatorios que se han de levar a cabo, evitando a violación de calquer dereito fundamental. Os recursos e ferramentas dixitais poden engadir máis transparencia e credibilidade ós procesos políticos. Así mesmo, a existencia e acceso das infraestructuras e das ferramentas dixitais teñen que fundamentarse en procesos transparentes.

Propoñemos un sistema de tres avisos para aqueles que violen o dereito a saber da cidadanía.

2. Demandas legais

Dende o punto de vista legal, temos identificado lagoas que existen nas regulacións e tratados nacionais e internacionais, e nas reformas que compren para rematar cós abusos nas políticas sobre a difusión da cultura, tanto nas relacións legais privadas como nas políticas públicas internacionais. Estas lagoas perxudican ó interese público e impiden o desenrolo dunha industria cultural posta ó día.

Os intereses públicos principais son todos de gran importancia: Respalda e asegura unha creación continua de obras intelectuais polo seu importante valor social, e asegurar que toda-la cidadanía poda acceder a eles sen trabas, para unha gran variedade de usos.

A. Coñecemento común e Dominio Público

1. Expansión do Dominio Público e redución dos periodos de Copyright.
2. Os resultados de investigacións e obras intelectuais e culturais financiadas con fondos públicos deberían ser de Dominio Público.
3. Debe asegurarse que as obras no Dominio Público sexan accesibles para a cidadanía en xeral.

B. Defensa do acceso ás infraestructuras tecnolóxicas e neutralidade na Rede

1. Os/ as cidadáns/ ás teñen dereito a unha conexión a Internet que lles permita enviar e recibir o contido que desexen, usá-los servizos e aplicacións que desexen, conectar o hardware e usá-lo software que desexen, sempre que elo non dane a rede.
2. Os/ as cidadáns/ ás teñen dereito a unha conexión a Internet ceibe de todo tipo de discriminación, xa consista ésta en bloquear, limitar ou priorizar determinados tipos de aplicacións, servizos ou contidos, ou baseada na ubicación do emisor ou do receptor.
3. Non se debería impor ningunha limitación nen filtrado sen una orde xudicial previa.

C. Dereitos dos/ as cidadáns/ ás en contexto dixital

1. DEREITO DE CITA con propósitos educativos ou científicos, ou sinxelamente informativos, creativos ou outros calesquera.
2. DEREITO A COPIA PRIVADA cando a reprodución é para uso privado ou para ser compartida entre iguais e non se obteña ningún beneficio económico, nen directo nen indirecto, de ela.
3. USO XUSTO: Dereito a acceder e a usar obras baixo copyright sen necesidade de autorización dos propietarios do copyright, con propósito educativo, científico, informativo, satírico ou accesorio ó proxecto creativo principal, sempre que se identifique e se cite correctamente a obra e se respecten todo-los dereitos morais.

D. Estímulo da creatividade e a innovación

Expresamo-la nosa preocupación polo benestar dos artistas e autores. Propoñemos varias fórmulas para recompensar colectivamente a creación artística e a innovación.

1. Os dereitos de autor patrimoniais non son substitutivos dun soldo digno.
2. As desigualdades na capacidade de negociación levan a situacións inxustas entre as persoas que crean e as entidades de comercialización.
3. Cando existe unha explotación comercial dunha obra, as regras relativas ós dereitos económicos deberían priorizar a protección dos intereses económicos das comunidades creativas.
4. A abolición de tódolos “cánons dixitais” inxustos que sancionan indiscriminadamente no nome da “compensación dos/ as artistas”, e que tratan de penalizar actividades que non son criminais en modo algún.
5. Os/ as autores/ as e creadores/ as deberían ter sempre a posibilidade de rescindí-lo seu contrato coás ENTIDADES DE XESTION de dereitos de autor.
6. Non debería permitirse que as entidades de xestión de dereitos de autores sexan un monopolio, nin que éstas impidan ós artistas ou autores usar licencias ceibes.
7. As patentes que monopolizan calquer tipo de software, método comercial, lóxica, algoritmo matemático, información xenética ou seres vivos, os procedementos industriais, regras de xogo, actividades intelectuais, ou de calquer outro tipo de desenrolo intelectual humano, deberían ser ilegais e non deben ser nunca concedidas.

3. Directrices para a educación e o acceso ó coñecemento

O apredizaxe é un proceso de construción social que ten lugar mediante o intercambio de coñecemento, experiencia, e dos diversos matices culturais. A cultura evoluciona a medida que o coñecemento impregna á sociedade. Entendemos a educación como un proceso social que implica un amplo abano de actores educativos, tecnoloxías, entidades e actividades, non só as oficiais e formais. A nosa visión da educación busca fomentar unha cultura de intercambio de coñecemento e innovación educativa que sexa eficiente e sostible.

Os seguintes puntos trazan os fundamentos esenciais para o proceso de ceibe desenrolo cultural e creación de coñecemento:

Software ceibe

O software ceibe (tamén chamado de código aberto) permite estudar e aprender conceptos en lugar de caixas negras, permite a transparencia en procesos de intercambio de información, asegura a competición e a innovación, proporciona independencia de intereses corporativos e fai medra-la autonomía dos/ as cidadáns/ ás.

Por todo elo, as institucións educativas, e demais lugares nos que se dan procesos educativos deberían usar, promover e implementar software ceibe. Asimesmo, tódolos programas desenrolados en entornos educativos con fondos públicos deberían publicarse como software ceibe.

Acceso aberto

As publicacións de acceso aberto aseguran o acceso ós resultados da investigación científica, tanto para usos científicos como para o público en xeral, potencian as posibilidades de aprendizaxe e permiten que distintas disciplinas descubran os resultados das outras.

Por todo elo, as universidades e centros de investigación deberían adoptá-lo modelo de acceso abertopara a publicación de traballos de investigación. A solicitude de patentes sobre os resultados de investigacións financiadas con fondos públicos deberían desaconsellarse. As patentes cuios titulares sexan institucións públicas deberían de se liberar de forma irrevocable e ceibes de regalías ou calquer outra restricción.

Estándares abertos

O uso de estándares abertos e formatos abertos é esencial para asegurá-la interoperabilidade técnica, e tamén proporciona igualdade de oportunidades para provedores/ as rivais, permite un acceso sen obstáculos á información dixital e garante a dispoñibilidade do coñecemento e a memoria social, agora e no futuro.

4. Necesidades estruturais para unha sociedade do coñecemento de todos/ as e para todos/ as

Privacidade

Os/ as cidadáns/ ás teñen dereito a:

- Navegar por Internet e acceder ós séus contidos de maneira anónima.
- Decidir en calquera momento trasladar, modificar ou cancelar os séus datos de usuario de calquer servizo de Internet.
- Non sufrir interceptación algunha das súas comunicacións, e a poder cifrá-las súas comunicacións.

Dereito ás redes: Liberdade de uso, creación e conexión

- A sociedade civil e a administración pública han de te-lo dereito a proveer e implementar servizos de conexión a redes, incluíndo aqueles ofrecidos de maneira gratuíta e sen condicións ós cidadáns.

Infraestructuras e regulación do mercado

- Neutralidade: A neutralidade da Rede debe ser garantida (léase Glosario de termos e demandas legais sección C, para unha definición máis precisa).
- Simetría: Os provedores de acceso a Internet deben garantir conexións simétricas ou unha proporción de carga/ descarga razoable. Debería existir un acceso á banda ancha a prezos asequibles para calquer cidadán.

– Diversidade: Deberían evitarse os monopolios nas infraestructuras de telecomunicacións. Non debería permitirse que as operadoras de telecomunicacións ofrezan o servizo de bucle local conxuntamente con outros servizos de telecomunicacións. Non se debe permitir que o mesmo accionista controle empresas que proporcionan o servizo de bucle local e empresas que promocionan outros servizos de telecomunicacións. Ningunha empresa de telecomunicacións debe controlar máis do 25% do mercado de calquer servizo. Pode haber excepcións a esta cuota para redes operadas polo sector público.

Administración pública

– O sector público, os proxectos financiados con fondos públicos e aqueles que impliquen ós cidadáns por lei, ou de maneira que afecte ós seus dereitos fundamentais, deberían usar sempre software ceibe e estándares abertos.

– Cando non exista unha solución ceibe ou estándares abertos, o goberno ou a administración pública competente debería promové-lo desenvolvemento do software que sexa necesario.

– Os gobernos deben garantir un acceso gratuíto a Internet non exclusivo, independentemente do lugar de residencia de cada cidadán.

Cómo debería procederse na administración pública en temas de avaliación e compra de software

– A merca pública de software debería avaliá-lo custo total do seu uso, incluídos os custos de deixar de usá-lo e de migrar a un software alternativo.

– A contabilidade pública debería distinguir claramente os custos das licencias de software, o mantemento, o soporte técnico, e o servizo, desvinculándoos dos do hardware.

5. Membros do FCForum

- 1 eXgae
- 2 Networked Politics
- 3 Mayo Fuster Morell
- 4 P2P Foundation
- 5 Michel Bauwens
- 6 Consumers International
- 7 Electronic Frontier Foundation (EFF)
- 8 David Bollier
- 9 Knowledge Ecology International / James Love
- 10 Free Knowledge Institute (FKI)
- 11 La Quadrature du Net
- 12 ScambioEtico
- 13 Amelia Andersdotter eurodeputy from Pirat Partiet
- 14 European Digital Rights (EDRI)
- 15 Creative Commons España/ Ignasi Labastida
- 16 Transnational Institute/Hilary Wainwright
- 17 Students for Free Culture
- 18 Free Software Foundation India
- 19 Nagarjuna G.
- 20 John Howkins
- 21 Foundation for a Free Information Infrastructure (FFII)/ Alberto Barrionuevo
- 22 ALQUA
- 23 Isaac Hacksimov
- 24 Dyne.org Foundation/Denis Jaromil Roio
- 25 The Open Standards Alliance/Stefan Marsiske
- 26 David Evan Harris
- 27 David Hammerstein
- 28 Joan Subirats
- 29 Fundación Karisma
- 30 Carlos Sanchez Almeida
- 31 Conservas
- 32 FLOSS Manuals
- 33 David Maeztu
- 34 Josep Jover
- 35 Patricia Vila
- 36 Javier Candeira
- 37 IT-Political Association
- 38 ScriptumLibre
- 39 Felix Stalder
- 40 Franziska Heine
- 41 Dmytri Kleiner
- 42 Anne Ostergaard
- 43 Jack J. Marxer
- 44 Alan Toner
- 45 Roberto Santos
- 46 Asociación de Internautas / Javier Cuchi
- 47 Epidemia / Pablo Ortellado
- 48 Kim Tucker
- 49 La Casa Invisible
- 50 Margarita Padilla
- 51 Guifi
- 52 Mario Pena
- 53 Traficantes de Sueños
- 54 Platoniq
- 55 Yproductions
- 56 Jamie King
- 57 Vittorio Bertola
- 58 Marco Berlinguer
- 59 Universidad Nómada
- 60 ASACC / Carmen Zapata
- 61 REEM
- 62 Toni Verger
- 63 Science, Education and Learning in Freedom (SELF)
- 64 Ignacio de Castro Arribas
- 65 Maria Claudia de Azevedo Borges
- 66 Exit
- 67 CSDVA
- 68 La impròpia
- 69 Josean Llorente

6, Adhesiones

- 1 Gnowledge lab
- To be continued...

Versión completa

A versión completa deste documento, con referencias, fontes e un glosario, está dispoñible en http://fcforum.net/charter_extended

Licencia dual

Esta carta está publicada cunha licencia dual. Podes volvela a publicar usando calquera destas licencias:

- Creative Commons Recoñecemento- Compartir baixo a mesma licencia 3,0 Unported.
 - Licencia de documentación ceibe de GNU

Créditos e Recoñecemento

A tradución ó galego desta carta é unha obra derivada do orixinal, titulada “Carta por la innovación, la creatividad y el acceso al conocimiento” que se pode atopar en <http://fcforum.net/files/carta-castellano.corta.pdf> . A tradución ó galego é de Iván Navas, *Bodescu*, licénciase dual baixo os mesmos termos do orixinal e pódese atopar nun mirror no seu sitio web, http://www.guiasinformaticas.es/wp-content/carta_corta_gal.pdf, ademais de na páxina web do FCForum.

[Http://fcforum.net](http://fcforum.net)

Barcelona, 1 de novembro 2009